

30 moedas romanas do Museo das Mariñas

(da República ó Alto Imperio)

MARÍA GONZÁLEZ SÁNCHEZ*

Sumario

O presente traballo inicia a catalogación das moedas do Museo das Mariñas, empezando por 30 romanas que van desde a República ó Alto Imperio.

Abstract

This work commences the cataloguing of the coins in the Museum das Mariñas, starting with 30 roman coins from the Republic to the High Empire.

No Museo das Mariñas, de Betanzos, foise creando desde o principio (1983) unha colección de moedas que ten xa unha considerable importancia. Chegaron a maioría por doazón ou depósito, anotáronse os datos que aportaban as persoas que as trouxeron e agora iníciase a súa catalogación con obxecto de coñecelas coa maior precisión posible e tamén de expoñelas ben documentadas. Iniciamos o proxecto con 30 moedas romanas que van da República ó Alto Imperio.

1) República, probablemente do século III a.C.

Anverso: cabeza de «Minerva ou Palas» (personificación de Roma) con casco alado, pendente e colar, mirando á dereita. Debaixo do queixelo figura o signo “X”.

Reverso: os xemelgos Cástor e Pólux, fillos de Xúpiter, chamados «os Dióscuros» montados a cabalo, lanza en riste e cabalgando cara a dereita.

Exergo: ROMA en cartela.

Módulo: 18 mm. Denario de prata. 3 g.

Procedencia: Tiobre.

Depósito (?) de D. José R. Núñez Lendoiro.

Número de rexistro: 208.



2) República, acuñada por Marcus Furius L.f. Philus, da Familia Furia, no 119 a.C.

Anverso: Xano representado con dobre cabeza. M(arci)FOVRI(i)L(ucii)F(ili)

Reverso: Roma estante, á dereita, levantando a súa man dereita, supostamente para coroar un trofeo que non é visible debido á falta da parte superior da moeda; coa man esquerda sostén un cetro. Na parte baixa hai dous escudos e dous carnix.

Lenda: ROMA, á dereita do campo. Exergo: PH(i)LI

Módulo: 17 mm. Denario de prata. 3,65 g.

Procedencia: Tiobre.

Depósito (?) de D. José R. Núñez Lendoiro.

Número de rexistro: 203



* María González Sánchez é Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, especialidade de Patrimonio Artístico. É máster en Patrimonio Artístico e Xestión de Bens Culturais pola Universidade da Coruña.

O presente traballo, deseñado e coordinado polo director do Museo das Mariñas, Alfredo Erias, inscríbese no proxecto de catalogación xeral da entidade.

3) República.

Anverso: deus Xano representado con dúas caras.

Reverso: ?

Módulo: 34 mm. 28,85 g.

Procedencia: ?

Número de rexistro: 1871



4) Alto Imperio. Augusto, 27 a.C.-14 d.C.

Anverso: cabeza mirando á dereita. [...]AVGVSTVS DIVI F PATER

Reverso: dúas figuras (Caio e Lucio) con túnicas aos lados dun trono co caetra en relevo. EL CAESARE

Módulo: 17 mm. 3,75 g.

Procedencia: Tiobre.

Depósito (?) de D. José R. Núñez Lendoiro.

Número de rexistro: 209



5) Alto Imperio. Augusto, 27 a.C.-14 d.C.

Anverso: cabeza mirando á esquerda. Gráfica. [...]AVG(vstvs)

Reverso: coroa de loureiro e no centro a lenda:

IVLIA TRAD(vcta)

Arredor: gráfica.

Módulo: 25 mm. 10,675 g.

Procedencia: Callobre (Oza dos Ríos).

Número de rexistro: 1999.



6) Alto Imperio. Calígula, 37-41 d.C.

Vipsania (familia á que pertencía Agripa).

Anverso: busto, de Agripa, con coroa rostral mirando á esquerda en relevo.

[M(arcvs)] [A]GRIPPA L(vcii) F(ilius) COS[...]

Reverso: Neptuno estante, espido, de fronte e mirando á esquerda, sostendo o tridente nunha man e na outra, un golfinho; porta manto sobre os ombros.

Letras: S(enatvs) C(onsulto)

Módulo: 28 mm. As de bronce. 9,35 g.

Procedencia: Tiobre.

Depósito (?) de D. José R. Núñez Lendoiro.

Número de rexistro: 199



7) Alto Imperio. Claudio I, 41-54 d.C.

Anverso: busto mirando á esquerda. [CL]AVDIVS[...]MTRPIM.

Reverso: a liberdade personificada nunha figura feminina que leva ou sostén o pilevs nunha man e un cetro na outra. LIBER[TAS] AVGVSTA

Letras: S(enatvs) C(onsulto)

Módulo: 26 mm. 11,10 g.

Procedencia: Tiobre.

Depósito (?) de D. José R. Núñez Lendoiro.

Número de rexistro: 201



8) Alto Imperio. Claudio I, 41-54 d.C.

Anverso: busto mirando á esquerda en relevo.

{¿CLA?}VDIVS CAESAR AVG[...]

Reverso: Ceres sedente. CERE{¿S?}

Módulo: 23 mm. 11,5 g.

Procedencia: ?

Número de rexistro: 1624



9) Alto Imperio. Claudio I, 41-54 d.C.

Anverso: Modivs (modio). [CA]ESARAVG TI C[...]

Reverso: S(enatvs) C(onsvlto) COSDESIT[...]

Módulo: 15 mm. Cuadrante (1/4 de as) de bronce. 2,75 g.

Procedencia: Tiobre.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 1855



10) Alto Imperio. Claudio I, 41-54 d.C. Moeda Incusa.

Anverso: cabeza gravada cara dentro. Gráfica. [CL]AVDIV[...]

Reverso: unha figura feminina estante mirando á dereita.

Letra S(enatvs) [C(onsvlto)] [...]ATAS

Módulo: 27 mm. 9,9 g.

Procedencia: Callobre (Oza dos Ríos).

Número de rexistro: 1995



11) Alto Imperio. Clavdio I, 41-54 d.C.

Anverso: modivm saíndo en pequeno relevo. [...]AVG TICL[...]

Reverso: S(enatvs) C(onsvlto) [...]ITTONMTA[...]

Módulo: 15 mm. 2,4 g.

Procedencia: Pobo de Lugo.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 2786



12) Alto Imperio. Clavdio I, 41-54 d.C.

Anverso: modivm en pequeno relevo. [...]TICLA.

Reverso: S(enatvs)C(onsvlto) Gráfica. [...]COSDESI[...]

Módulo: 14 mm. 2,6 g.

Procedencia: Pobo de Lugo.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 2787



13) Alto Imperio. Clavdio I, 41-54 d.C.

Anverso: modivm. [...]AV[...]

Reverso: S(enatvs)C(onsvlto) IMP(erator)COSD.S[...]

Módulo: 15 mm. 2,8 g.

Procedencia: Pobo de Lugo.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 2788



14) Alto Imperio. Vespasiano, 69-79 d.C.

Anverso: busto mirando á dereita en relevo.

IMP(erator) CAESAR VESPA SIAN(o)AVG(vstvs)CO[...]

Reverso: Aequitas, alegoría da equidade. Figura feminina sostendo unha balanza e unha cornucopia que personifica a xustiza nos tratos. Letras S(enatvs)C(onsvltó).
Módulo: 22 mm. 9,9 g.
Procedencia: ?
Número de rexistro: 1623



15) Alto Imperio. Traxano, 98-117 d.C.
Anverso: busto en relevo, con coroa radiada, mirando á dereita.
IMP(erator)C(aesne)R(va)TRAIANOOPTIMO
[...]ARTHICOPMTR(ibvnicias)P(otestate)CO[...]
Reverso: o emperador Traxano no medio en actitude militar, avanzando cara á dereita e mirando á esquerda, entre dous trofeos militares.
SENATVS[...]ANU[...]
Módulo: 27 mm. 10,55 g.
Procedencia: Tiobre.
Doazón: Fundación Barrié
Número de rexistro: 1191



16) Alto Imperio. Traxano, 103 d.C.
Anverso: cabeza do emperador mirando á dereita. IMP(erator) CAES NERVAE TRAIANO AVG(vstvs) GER(manicsv) DAC PM TR (ibvnicias)P(otestas) COS V P(ater)P(atriae)
Reverso: Dacia sentado no lado dereito e mirando cara á esquerda, onde se sitúa un trofeo militar. SPQR OPTIMO PRINCIPI
Abaixo: S(enatvs)C(onsvltó).
Módulo: 32 mm. Sesterccio. 24,35 g.
Procedencia: Betanzos.
Número de rexistro: 1870



17) Alto Imperio. Favstina (nai), 150 d.C.
Anverso: busto feminino en relevo, mirando á dereita. DIVAFAVSTIN(a).
Reverso: figura feminina mirando á esquerda con cetro nunha man. Letras S(enatvs)C(onsvltó). [...]VS
Módulo: 25 mm. 11,75 g.
Procedencia: Pobo de Lugo.
Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.
Número de rexistro: 2789



18) Alto Imperio. Xulia Mamea, nai de Severo Alexandre, ¿220?-235 d.C.
Anverso: busto feminino mirando á dereita. IVLIAMAMA EAAVGVSTA
Reverso: Felicitas, mirando á esquerda, con columna e caduceo. Letras S(enatvs)C(onsvltó). FEL[ICI]T ASPVBLICA



Módulo: 30 mm. 19,85 g.
 Procedencia: Tiobre.
 Doazón: Fundación Barrié.
 Número de rexistro: 1192

19) Alto Imperio. Galiano, 260-268 d.C.

Anverso: busto barbado con coroa, mirando á dereita. GALLI E {¿NV?}[...]

Reverso: cabalo alado, probablemente Pegaso. [...]S[...] {¿G?} S[...]

Exergo: N.

Módulo: 19 mm. Antoniniano. 3,4 g.

Procedencia: Tiobre.

Depósito (?): D. José R. Núñez Lendoiro.

Número de rexistro: 205



20) Alto Imperio. Galiano, 260-268 d.C.

Anverso: busto barbado con coroa radiada mirando á dereita. GALLI[ENVS][...]

Reverso: grifo: animal de catro patas, con cabeza de aguiá, alado e mirando á esquerda. (A)POLLINI[...]

Módulo: 17 mm. Antoniniano. 3,45 g.

Procedencia: ?

Número de rexistro: 1632



21) Alto Imperio. Galiano, 260-268 d.C.

Anverso: cabeza mirando á dereita. GALLIENVS AVG(vstvs)

Reverso: un animal de catro patas, mirando á esquerda.

Gráfica: DIE{¿?}{¿A?}ECC.

Módulo: 20 mm. 3,2 g.

Procedencia: Tiobre.

Número de rexistro: 1259



22) Alto Imperio. Galiano, 260-268 d.C.

Anverso: busto barbado con coroa radiada, mirando á dereita.

Reverso: unha figura con ¿? ONINHE[...]

Módulo: 19 mm. Antoniniano. 2,9 g.

Procedencia: Tiobre.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 1854



23) Alto Imperio. Galiano, 260-268 d.C.

Anverso: busto con coroa radiada, mirando á dereita. Gráfica.

GALLI[ENVSA]VG(vstvs)

Reverso: un animal de catro patas con pescozo e patas moi longas, probablemente un grifo. Ten gráfica. DI[...]

Módulo: 17 mm. Antoniniano. 1,86 g.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 2782



24) Alto Imperio. Claudio II, 268-270 d.C.

Anverso: cabeza barbada, con coroa radiada, mirando á dereita. CLAVDIVS

Reverso: unha figura masculina núa, probablemente un xenio, mirando á esquerda, con cornucopia

nunha man e pátera na outra. [...]NIVS[...]

Módulo: 18 mm. Antoniniano. 2,36 g.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 1964



25) Alto Imperio. Claudio II, 268-270 d.C.

Anverso: cabeza con algo de relevo e con coroa radiada,

mirando á dereita. DIVICCCLAVDIVS

Reverso: unha figura con cetro e rama (?). Gráfica.

IODIVI..{;N?}I

Módulo: 21 mm. Antoniniano. 2,4 g.

Procedencia: ?

Doazón: ?

Número de rexistro: 1980



26) Alto Imperio. Clavdio II, 268-270 d.C.

Anverso:cabeza, con coroa radiada, mirando á dereita.

[...]CLAVDIVSAVG(vstvs)

Reverso: unha figura feminina. [...]JEXA[...]

Módulo: 22 mm. Antoniniano. 2,85 g.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 2763



27) Alto Imperio. Moeda Incusa.

Anverso e Reverso: Aparece o mesmo a ambos lados:

cabeza masculina á dereita e en relevo. OP OMI {;KVPV?}

Módulo: 12 mm. 1,8 g.

Procedencia: Tiobre.

Depósito (?) de D. José Núñez Lendoiro.

Número de rexistro: 204



28) Alto Imperio.

Anverso: cabeza con coroa radiada mirando á dereita.

[...]{;IM}P C CLIID[...]

Reverso: unha figura masculina con roupa militar, cunha vara

ou lanza nunha man e unha rama na outra. VIR TU S[...]

Módulo: 19 mm. Antoniniano. 2,45 g.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 1658



29) Alto Imperio.

Anverso: cabeza con coroa radiada, dereita. [...]PO[...]

Reverso: a paz. Simbolízase coa figura dunha muller que leva

unha rama de olivo nunha man e caduceo na outra. Gráfica .A X

Módulo: 17 mm. Antoniniano. 2 g.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 1663



30) Alto Imperio.

Anverso: cabeza con coroa radiada mirando á dereita.

Reverso: esperanza: figura feminina andando á esquerda, cunha flor na man. SPES

Módulo: 16 mm. 2 g.

Procedencia: Pobo de Lugo.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 2806



GLOSARIO DE TERMOS

- ANVERSO: lado da moeda que presenta o motivo principal, normalmente o que contén un busto ou cabeza dunha divindade ou personaxe imperial.
- CADUCEO: vara que remata na parte superior en dúas serpes entrelazadas e que constitúe un dos atributos do deus Mercurio, que o identifica como heraldo dos deuses e que representa a paz.
- CARNIX: arma gala.
- CORNUCOPIA: é o corno da abundancia, polo que é un atributo das deidades benéficas como Ceres e Cibele e das alegorías como Abundancia e Fortuna.
- COROA DE LOUREIRO: coroa que representa a vitoria.
- COROA RADIADA: coroa con radios que fai referencia ao sol.
- DENARIO: moeda de prata que ten a súa orixe nas acuñacións gregas e que en Roma deu lugar a un sistema monetario. Ao principio equivalía a 10 ases, e marcábase cunha "X"; cara o 145 a.C. cambiou a 16 ases, representándose con "XVI". No Alto Imperio aparece en cobre, onde a coroa do emperador é de loureiro.
- ESTANTE: de pe.
- EXERGO: parte inferior da moeda marcada por unha liña e destinada a albergar a lenda indicativa da ceca, o valor, etc.
- GRÁFILA: liña circular continua ou de puntos que rodea as moedas.
- LABARVM: o estandarte imperial.
- MODIVS (modio): cubeta con tres patas, recipiente utilizado para medir; realmente, un modio é a medida de peso para áridos (trigo e cebada), e equivaldría a aproximadamente 8'75 Kg. Utilízase para simbolizar as colleitas.
- MÓDULO: a dimensión que ten a moeda referida ao seu diámetro.
- NIKE: nome da vitoria.
- ORBIS: é o globo que levan na man, normalmente os emperadores, e representa ao mundo, indicando que Roma é o centro. É un símbolo de dominación.
- PÁTERA: prato redondo que se utilizaba nas cerimonias relixiosas e nos sacrificios para liberacións.
- PILEVS: gorro aguzado ou casquete de la que usaban os cidadáns en sinal de liberdade durante as festas Saturnais.
- REVERSO: o lado oposto do anverso que se ocupa con motivos secundarios.
- SEDENTE: sentado.
- TABELLA: tablilla.
- TROFEO MILITAR: este trofeo componse dun escudo redondo, dous escudos hexagonais, un fouciño, dúas xabalinas e dúas polainas.

ABREVIATURAS E LENDAS

- AVG / AVGVSTVS: título adoptado polos emperadores como dignidade desde Augusto.
- BEATA TRANQUILLITAS: a paz bendita, a desexada paz.
- CAES / CAESAR: sobrenome tomado polos emperadores a partir de Xulio César.
- DN: Dominvs Noster. Título adoptado polos emperadores dende o 270 d.C.
- EXER / EXERCITVS: exército.
- FEL TEMP REPARATIO: restauración dos tempos difíciles (Felicitium Temporum Reparatio); feliz restauración dos tempos (Felix Temporum Reparatio).
- GLORIA ROMANORVM: a gloria de Roma.
- IMP: Imperator. Título que, en tempos republicanos, recibían os xefes das forzas armadas ou da flota

- e que en tempos dos emperadores, concretamente despois de Augusto, utilizouse como título honorífico do emperador.
- P.M.: Pontifex Maximvs (pontífice máximo). Título da supremacía religiosa que foi tomada polos emperadores.
 - REP / REPARATIO REI PVB / LICAE : o restablecemento do bo goberno do Estado (da cousa pública)
 - SC (Senatus Consulto): por decreto ou co permiso do Senado.
 - SECURITAS REIPVBLICAE: a seguridade da comunidade.
 - SPQR: Senatvs Popvlvsque Romanvs. O Senado e o pobo romano.
 - S P Q R OPTIMO PRINCIPI: o Senado e o pobo de Roma ó máis alto príncipe.
 - TR. P.: Tribunicias Potestas. Fai mención ó poder do emperador e, segundo o número que o acompaña, permite datar a moeda nun ano concreto, pois era un poder que se renovaba cada ano.
 - VICTORIAE D D AVGG N N: Vitoria para os nosos emperadores.
 - VOT X MVLT XX : cumpridos os 10 anos, esperábanse 10 máis: Votis decennialibus (solutis) multis vicennialibus (susceptis) ou ben: Votis decennialibus multiplicatis vicennialibus.

DEUSES, ALEGORÍAS, PERSONIFICACIÓNS E OUTRAS REPRESENTACIÓNS

- AEQUITAS: alegoría da equidade. Figura feminina sostendo unha balanza e unha cornucopia; personifica a igualdade, a xustiza nos tratos.
- CAIO e LUCIO: son os netos de Augusto, fillos de Agrippa e Scribonia.
- CERES: filla de Cronos e Cibeles, é a deusa da agricultura, das mieses. Representase como unha muller velada ou con coroa de espigas de trigo e unha cornucopia, arado ou espigas na man.
- DACIA: Xenio con estandarte que simboliza a provincia romana ó norte dos Balcáns, Dacia.
- DIÓSCUROS: os xemelgos Cástor e Pólux, fillos de Xúpiter e Leda. Eran os protectores de Esparta. Representanse como nenos ou xoves montados a cabalo, lanza en riste e cabalgando. Normalmente aparecen unhas estrelas sobre as súas cabezas.
- FELICITAS: a felicidade. Personificada nunha figura feminina que leva caduceo e cornucopia e, ás veces, pátera e ramo. Tamén simboliza a prosperidade e a sorte.
- GRIFO: animal mitolóxico protector do tesouro de Apolo. Representase co corpo dun león, ás e cabeza de aguia.
- LIBERALITAS: a liberalidade. Matrona sentada ou de pe que leva tabella e unha cornucopia. Simboliza a bondade, a amabilidade e a xenerosidade.
- LIBERTAS: a liberdade. Personificada nunha figura feminina que leva ou sostén un gorro aguzado (pileus) clásico desta alegoría, e un cetro.
- MINERVA ou PALAS: é a filla de Xúpiter e representase con casco, escudo e lanza ou cunha rama de loureiro, vitoria, búho ou lechuza.
- NEPTUNO: deus do mar, fillo de Saturno e esposo de Anfitrite. Representase barbudo e nu, cun golfoño e sostendo un tridente.
- NIKE: ver Vitoria.
- PAX: a paz. Simbolízase como unha figura feminina que sostén cetro e leva rama de loureiro, cornucopia, caduceo e, algunhas veces, un estandarte ou palma.
- PEGASO: cabalo alado fillo de Poseidón, deus do mar, e da gorgona Medusa.
- ROMA: personificación da grandeza da Urbe, da cidade de Roma. Representase como unha figura feminina e pode aparecer só o busto con casco ou de corpo enteiro estante ou sedente, normalmente cunha vitoria na man ou acompañada dos Xemelgos.
- RÓMULO E REMO: fundadores mitolóxicos de Roma, fillos de Marte e de Rea Silvia, sacerdotisa de Vesta. Representanse como dous nenos amantados por unha loba.
- SECVRITAS: a seguridade. Figura feminina sentada ou estante que se apoia nunha columna e leva cetro; nalgúns ocasións leva cornucopia e, nun segundo termo, un altar.
- VITORIA: alegoría representada como unha muller alada que soe levar unha palma; tamén pode levar outros símbolos como trofeos, rama de loureiro, escudo ou cartela con inscrición, coroa. Tamén se coñece como Nike.
- VIRTVS: o arrox, a valentía, o coraxe. Figura masculina con vestimentas militares e, normalmente, lanza, escudo e casco; algunhas veces pode ter ó seu carón unha pequena vitoria.
- XANO: rei mitolóxico de Lacio, que polo don de Xúpiter podía ler o futuro. Representase con dúas caras, mirando tanto ao pasado como ao futuro, é o deus do principio e do fin, o deus das portas.

SIGNOS UTILIZADOS NA TRANSCRIPCIÓN DAS LENDAS

. = Letra que falta.

() = Desenrolo de abreviaturas, en minúscula.

{¿?} = Diversas propostas de interpretación para unha letra ou letras fundidas.

A = Letra de lectura dubidosa por rotura ou erosión.

[] = Lagoa ou elisión que se enche cunha proposta.

[...] = Lagoa dunha parte indeterminada do texto.

/ = Cambio de liña.



Augusto (v. n° 4).



Claudio I (v. n° 8).



Traxano (v. n° 16).



Faustina -nai- (v. nº 17).



Xulia Mamea (v. nº 18).



Galieno (v. nº 19).



Claudio II o Gótico (v. nº 24).

40 moedas romanas do Museo das Mariñas

(Baixo Imperio)

MARÍA GONZÁLEZ SÁNCHEZ*

Sumario

O presente traballo continúa a catalogación das moedas romanas do Museo das Mariñas, collendo agora 40 do Baixo Imperio.

Abstract

The present work continues the cataloguing of the Roman coins in the Museo das Mariñas, now covering 40 from the lower part of the Roman Empire.

As moedas do Baixo Imperio coñécense na actualidade como AE1, AE2, AE3 e AE4, segundo o seu tamaño e peso, indo de maior a menor; pero os romanos tiñan unha nomenclatura específica para designar cada tipo.

O *follis* era, en orixe, o saco ou bolsa onde os militares gardaban as moedas e probablemente era unha unidade de conta. Considérase a moeda base da reforma de Diocleciano (293-294 d.C.). Era unha moeda de bronce prateado cun módulo semellante ao *as* (20-26 mm. e 10,50 g.), pero co paso do tempo foi perdendo o recubrimento de prata, o peso e o tamaño: acadá 3,10 g. de bronce con Constantino (c.a. 318 d.C.) e 1,30-1,95 g. no ano 336 d.C., polo que se usaban os termos medio *follis* e cuarto de *follis*. Ademais, aparecen outras moedas como a *moneta maiorina* e o *nummus centenionalis*.

O *centenional* ven de *centum* (cen) e era unha moeda de pouco valor, pois equivalería a 100 denarios de conta. Era unha moeda de bronce cunha pequena proporción de prata que apareceu coa reforma de Constantino I (c.a. 330 d.C.), moi difícil de distinguir do *follis* da época, xa que contaba cun peso similar, uns 3 g. Durante a reforma de Constancio II perderá tamaño e peso, chegando a acadar 1,70 g. Algúns autores opinan que *centenional* era o nome popular da *maiorina*, chamada así oficialmente.

A *maiorina* ten a súa orixe nas reformas de Constancio II e Constante. É unha moeda de bronce que tivo un peso inicial de 5,40 g., pero foi descendendo ata 1,90 g.

A *silicua* introduciuse no Imperio Romano dende Grecia e a partir da reforma de Constantino converteuse nunha moeda de prata cun peso de 3,40 g. e con Constancio II reduciuse o seu peso ata 2,25 g.

* María González Sánchez é Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, especialidade de Patrimonio Artístico. É *máster* en Patrimonio Artístico e Xestión de Bens Culturais pola Universidade da Coruña. O presente traballo, deseñado e coordinado polo director do Museo das Mariñas, Alfredo Erias, insíbese no proxecto de catalogación xeral da entidade.

31) Probablemente de Constantino I o Grande (307-337 d.C.).

Anverso: busto con diadema, mirando á dereita. [...]CONSTANTINVS AVG(vstvs)

Reverso: unha figura masculina con cetro na man. AVGVST[...]

Módulo: 13 mm.; 1,65 g.

Procedencia: ?

Número de rexistro: 1701



32) Constantino I o Grande (307-337 d.C.).

Anverso: busto do emperador, mirando cara á dereita e con casco adornado e coroa.

CONSTAN TINVS AVG(vstvs)

Reverso: un altar ou ara sobre a que está a bola/globo e no seu interior as letras: VO / TIS / XX . Entre as letras, tres estrelas. BEATA TRAN***QUILI[TAS]

Exergo: STR

Módulo: 17 mm.; 1,90 g. Follis.

Procedencia: Atopada en Xerpe-Tiobre (Betanzos).

Número de rexistro: 1824



33) Constantino I o Grande (307-337 d.C.)

Anverso: cabeza con coroa laureada, mirando á dereita.

IMP(erator)CONSTANTINVS P(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: Sol estante, con capa, portando globo nunha man e elevando a outra cara o ceo.

Módulo: 24 mm.; 3,60 g. Follis.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 2760



34) Moeda pertencente a unha das series conmemorativas na época de Constantino I e dos seus fillos (330-348 d.C.).

Anverso: busto feminino con casco, mirando á esquerda, alegoría de Roma. Gráfila.

Reverso: loba amamentando a dous nenos: Rómulo e Remo, mirando á esquerda. Na parte superior, dúas estrelas. Gráfila.

Exergo: .PLC

Módulo: 15 mm.; 2,40 g.

Procedencia: Betanzos.

Número de rexistro: 1670



35) Moeda pertencente a unha das series conmemorativas na época de Constantino I e dos seus fillos (330-348 d.C.).

Anverso: busto feminino con casco e vestiario militar, mirando á esquerda. Alegoría de Roma.

[...]RS ROMA

Reverso: loba amantando a Rómulo e Remo con dúas estrelas de oito puntas enriba.

Exergo: SCONS (Constantinopolis- *ceca de Constantinopla*)

Módulo: 16 mm.; 2,20 g. Centenional.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 2781



36) Moeda pertencente a unha das series conmemorativas na época de Constantino I e dos seus fillos (330-348 d.C.).

Anverso: busto de Minerva ou Roma con casco e vestuario militar, mirando á esquerda. Gráfica. VRBS ROMA

Reverso: loba amantando a Rómulo e Remo con dúas estrelas ós lados e collar enriba. Gráfica.

Exergo: SCONS (Constantinopolis- *ceca de Constantinopla*)

Módulo: 16 mm.; 2 g. Centenional.

Procedencia: Pobo de Lugo.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 2802



37) Moeda pertencente a unha das series conmemorativas na época de Constantino I e dos seus fillos (330-348 d.C.).

Anverso: busto feminino, con casco e vestuario militar, mirando á esquerda. Alegoría de Roma. CONSTA[...] NOPOLIS

Reverso: Victoria estante cara á esquerda, portando lanza e apoiando a outra man nun escudo. Gráfica.

Exergo: R & E

Módulo: 17 mm.; 2,30 g. Centenional.

Procedencia: Pobo de Lugo.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 2840



38) Probablemente de Constantino II (337-340 d.C.)

Anverso: busto, con algo de relevo e coroa, mirando á dereita. [...]NSTANTINVS[...]

Reverso: dous soldados ós lados co estandarte do exército romano no medio.

Módulo: 15 mm.; 2,15 g.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 2769



39) Constante I (337-350 d.C.)

Anverso: busto con coroa diademada, mirando á dereita. Gráfica.

CONS[...]NS P(ivs)F(elix) A[V]G(vstvs)

Reverso: coroa de loureiro e no interior: VO[T] / XX / MVL XXX

Módulo: 15 mm.; 1,45 g.

Procedencia: ?

Número de rexistro: 1694



40) Constante I (337-350 d.C.).

Anverso: busto con coroa, mirando á dereita. Gráfica. D(ominvs)N(oster)CONSTA NSP[...]

Reverso: dous soldados con lanzas ós lados e estandarte do exército romano no medio. Gráfica. [GLOR]IAEXERCITVS

Módulo: 15 mm.; 1,40 g.

Procedencia: Betanzos.

Número de rexistro: 1868



41) Constancio II (337-361 d.C.).

Anverso: busto cara a dereita, con coroa. D(ominvs)N(oster)CONS TIVSP(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: soldado romano alanceando a un xinete bárbaro caído, o cabalo detrás e o escudo no chan. FELTEMP[REPA]RATIO

Exergo: {¿K?}QS.

Módulo: 18 mm.; 2,25 g. Silicua.
 Procedencia: Tiobre.
 Depósito (?) de D. José Núñez Lendoiro.
 Número de rexistro: 207



42) Constancio II (337-361 d.C.)
 Anverso: busto con coroa, mirando á dereita. [...]CONSTANTIVSNOB[...]
 Reverso: dous soldados con lanzas ós lados e dous estandartes do exército romano no medio. Gráfica. GLOR[IA][...] ITV.

Exergo: CONST (Constantinopolis - *ceca de Constantinopla*)

Módulo: 17 mm.; 1,85 g. Medio centenial.

Procedencia: Betanzos.

Número de rexistro: 1664



43) Constancio II (337-361 d.C.).

Anverso: busto con diadema, mirando á dereita. D(ominvs)N(oster) CONSTAN TIVS[...]

Reverso: dous soldados loitando, un monta un cabalo e leva un gorro; o outro, está de pe, portando lanza e escudo. FELTEMPR EPARATIO

Exergo: MRA

Módulo: 15 mm.; 2,25 g. Silicua.

Procedencia: Betanzos.

Número de rexistro: 1665



44) Probablemente de Constancio II (337-361 d.C.).

Anverso: busto con coroa mirando á dereita. Gráfica. CONSTANTI VSP(ivs)F(elix)[...]

Reverso: dúas Victorias estantes e de lado, mirándose unha á outra, levan ambas grilandas e palmas.

No medio aparece a letra «M». Gráfica. [V]ICTOR[I]A EDDAVGGQNN

Exergo: PA.L

Módulo: 16 mm.; 1,80 g. Medio centenial.

Procedencia: Betanzos.

Número de rexistro: 1666



45) Constancio II (337-361 d.C.).

Anverso: busto con diadema cara á dereita. Gráfica. [...]ONSTAN TIVS P(ivs) . AVG(vstvs)

Reverso: dous soldados loitando, un monta un cabalo e o outro está de pe, portando lanza e escudo.

Gráfica. FELTEMP REPARA[TIO]

Módulo: 17 mm.; 1,75 g. Medio centenial.

Procedencia: ?

Número de rexistro: 1686



46) Constancio II (337-361d.C.)

Anverso: busto con coroa, mirando á dereita. Gráfica.

D(ominvs)N(oster) CONSTAN TIV[...][P[...]]

Reverso: dous soldados loitando: un, seguramente Persa, vai a cabalo e o outro está de pe con lanza e escudo.

F[ELT]EM[P] REPARATIO

Módulo: 19 mm.; 2,05 g. Centenial.

Procedencia: Betanzos.

Número de rexistro: 1963



47) Constancio II (337-361 d.C.)

Anverso: busto con diadema, mirando á dereita. D(ominvs)N(oster)CONSTAN.IVS[...]AVG(vstvs)

Reverso: dous soldados loitando, un a cabalo no chan e o outro estante con lanza e escudo.

[FEL]TEMP REPARATIO

Módulo: 16 mm.; 2,65 g. Medio centenional.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 2775



48) Constancio II (337-361 d.C.)

Anverso: busto con coroa, mirando á dereita. [...]CONST[...]TIVSP(ivs)F(elix)A[VG]

Reverso: dous soldados con lanza e escudo e estandarte do exército romano no medio.

Exergo: SMAT

Módulo: 16 mm.; 1,67 g. Medio centenional.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 2777



49) Constancio II (337-361 d.C.)

Anverso: busto con diadema de perlas, mirando á dereita. [...]TIVSP(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: dous soldados loitando, un a cabalo no chan e o romano con lanza e escudo.

[...]REPARATIO

Módulo: 16 mm.; 1,66 g. Medio centenional.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 2783



50) Constancio II (337-361 d.C.)

Anverso: busto con coroa, mirando á dereita. [...]N[...]TIVSP(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: unha figura masculina.

Módulo: 15 mm.; 2,55 g. Medio centenional.

Procedencia: Pobo de Lugo.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 2825



51) Constancio II (337-361 d.C.)

Anverso: busto con diadema, mirando á dereita. .ONSTAN T[...]SP(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: unha figura estante (emperador) co labarum nunha man e na outra o orbis sobre o que se sostén ó ave Fénix. No outro lado, á dereita, conducindo o temón da nave vai unha Nike. Gráfica.

FELTEMP[...]

Exergo: PARL (Prima ARLes- *ceca de Arles*)

Módulo: 16 mm.; 1,95 g. Medio centenional.

Procedencia: Pobo de Lugo.

Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.

Número de rexistro: 2832



52) Constancio II (337-361 d.C.)

Anverso: busto con diadema de perlas, mirando á dereita. Gráfica.

[D(ominvs)]N(oster)CONSTAN TIV.P(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: dous soldados loitando, un a cabalo e o outro con lanza e escudo. Gráfica.

[F]ELTEM[PREPA]RAT[IO]

Módulo: 19 mm.; 2,25 g. Silicua.
 Procedencia: Pobo de Lugo.
 Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.
 Número de rexistro: 2835



53) Constancio Galo (351-354 d. C.).
 Anverso: busto mirando á dereita. D(ominvs)N(oster)CON[...]ANTIVSIVNNOB
 Reverso: Non se ve.
 Módulo: 17 mm.; 2,17 g. Medio centenional.
 Procedencia: Tiobre.
 Doazón: D. Vicente García Blanco.
 Número de rexistro: 1848



54) Constancio Galo (351-354d.C.)
 Anverso: busto con coroa mirando á dereita. Gráfica. [...]NOBCAES
 Reverso: dous soldados loitando, un a cabalo no chan e o outro estante con lanza e escudo.
 FELTEMP[REPA]RATIO
 Exergo: SCON (*Probablemente ceca de Constantinopla*).
 Módulo: 19 mm.; 2,25 g. Silicua.
 Procedencia: Betanzos.
 Doazón: D. Vicente García Blanco.
 Número de rexistro: 2774



55) Valente (364-378 d.C.).
 Anverso: busto con diadema, mirando á dereita. [...]VALEN SP(ivs)F(elix)AVG(vstvs)
 Reverso: unha figura alada, Nike, portando unha palma, camiñando cara á dereita.
 SECV[RITAS] REIPVBLICAE
 Exergo: . RIM
 Módulo: 17 mm.; 2,14 g. Centenional.
 Procedencia: Atopada en Xerpe-Tiobre (Betanzos).
 Número de rexistro: 1825



56) Valente (364-378 d.C.).
 Anverso: busto con coroa mirando á dereita. D(ominvs)N(oster)VALEN SP(ivs)F(elix)AVG(vstvs)
 Reverso: Nike andando cara á esquerda cunha grilanda nunha man e na outra unha palma. Gráfica.
 SECVRITAS RE[PUB]LICAE
 Exergo: SM (un ζ corazón? no medio das letras) R.
 Módulo: 18 mm.; 1,85 g. Centenional.
 Procedencia: Pobo de Lugo.
 Doazón: D. Benigno Manuel Martínez Villaverde.
 Número de rexistro: 2816



57) Graciano (367-383 d.C.).
 Anverso: busto mirando á dereita. D(ominvs)N(oster)GRATIA [...]
 Reverso: unha figura feminina, con coroa mural, axeonllada ante outra que está estante, que é o emperador, e na parte superior dereita unha pequena victoria (Nike) apoiada sobre un globo que ten na man o emperador e leva unha coroa de loureiro en actitude de coroalo. REPARA[TIO] REIPVB.
 Exergo: P CO[...]



Módulo: 23 mm.; 4,55 g. Maiorina.

Procedencia: ?

Número de rexistro: 1628

58) Graciano (367-383 d.C.).

Anverso: busto con coroa, mirando á dereita.

D(ominvs)N(oster)[GR]ATIA NVSP(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: unha figura feminina axeonllada ante outra que está estante mirándoa, probablemente o emperador, e na parte superior dereita unha pequena victoria (Nike) apoiada sobre un globo que ten na man o que está de pe.

[REPA]RA[T]IO [RE]IPVB

Módulo: 21 mm.; 5,55 g. Maiorina.

Procedencia: Tiobre.

Número de rexistro: 1635



59) Graciano (367-383 d.C.).

Anverso: busto con coroa, mirando á dereita. {¿GR?}ATIA[...]

Reverso: unha figura masculina. [...]REIPVB{¿LICAE?}

Módulo: 17 mm.; 2,06 g.

Procedencia: Betanzos.

Número de rexistro: 1861



60) Valentiniano II (375-392 d.C.).

Anverso: busto con coroa mirando á dereita. D(ominvs)N(oster)VALEN[...]SIVN[...]

Reverso: aparecen tres figuras: unha feminina axeonllada e con coroa mural, outra de pe, probablemente o emperador, mirando á esquerda e aguantando sobre a súa man un globo sobre o que se atopa a victoria (Nike), en actitude de coroalo. [REP]ARATIO [R]EIPV[B]

Módulo: 22 mm.; 4,90 g. Maiorina.

Procedencia: Tiobre.

Número de rexistro: 1633



61) Valentiniano II (425-455 d.C.).

Anverso: busto con coroa, mirando á dereita. D(ominvs)N(oster)VALE{¿N?}TINI[...]

Reverso: unha figura feminina axeonllada ante outra que está estante mirando para ela (o emperador) e na parte superior dereita unha pequena victoria (Nike) apoiada sobre un globo que ten na man o emperador.

Módulo: 21 mm.; 4,15 g. Maiorina.

Procedencia: Tiobre.

Número de rexistro: 1636



62) Valentiniano II (425-455 d.C.).

Anverso: busto con coroa, mirando á dereita.

[...]AL.NTINIA[...]AV.

Reverso: o emperador de pe e no centro, sostendo na súa man unha bola sobre a que se atopa Nike (victoria) en actitude de coroalo e no outro lado, unha figura de xeonllos.



Módulo: 23 mm.; 5,75 g. Maiorina.
 Procedencia: Tiobre.
 Doazón: D. Vicente García Blanco.
 Número de rexistro: 1845

63) Teodosio I (379-399 d.C.).

Anverso: busto con coroa mirando á dereita.
 D(ominvs)N(oster)THEODO SIVSP(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: unha figura feminina axeonllada e con coroa mural ante outra que está, mirando á esquerda, o emperador, e na parte superior dereita unha pequena victoria (Nike) apoiada sobre un globo que ten na man Teodosio. REPARATIO[REIP]VB

Exergo: SMAP

Módulo: 22 mm.; 3,67 g. Maiorina reducida.
 Procedencia: ?
 Número de rexistro: 1630



64) Teodosio I (379-395 d.C.)

Anverso: busto con diadema, mirando á dereita.
 D(ominvs)N(oster)[...]SIVSP(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: unha figura con bola/globo e labarum na outra man, tamén mirando á dereita.
 [GLORIA] ROMANORVM.

Módulo: 21 mm.; 4,10 g.
 Procedencia: Betanzos.
 Número de rexistro: 1654



65) Teodosio I (379-399 d.C.).

Anverso: busto con diadema, mirando á dereita. [...]HEODO SI[...]

Reverso: emperador mirando á dereita, cun estandarte nunha man e na outra a bola/globo.

GLORIA [R]OMANORVM

Exergo: SMNA (Sacra Moneta ...) (*Ceca de Nicomedia*)

Módulo: 21 mm.; 4,30 g.
 Procedencia: «Casal de Mouros».
 Número de rexistro: 1817



66) Teodosio I (379-399 d.C.).

Anverso: busto con diadema, mirando á dereita. Gráfila.

D(ominvs)N(oster)THEODO SIVSPFAVG(vstvs)

Reverso: tres figuras: emperador no medio co «orbis» nunha man e sobre el, Nike; de xeonllos, unha figura feminina.

Gráfila. REPARATIO REIPVB

Exergo: ANTA (ANTiochia A-primeira oficina-
Ceca de Antioquía).

Módulo: 24 mm.; 6,05 g. Maiorina.
 Procedencia: Betanzos.
 Doazón: D. Vicente García Blanco.
 Número de rexistro: 2770



67) Magno Máximo (383-388 d.C.)

Anverso: busto con diadema, mirando á dereita.

D(ominvs)N(oster)MAGM[...]

Reverso: tres figuras: o emperador no medio, cunha bola na man sobre a que se atopa Nike e no outro lado unha figura axeonllada. Gráfica.

[REPARAT]IO REIPVB

Exergo: {¿SC?} [...]

Módulo: 22 mm.; 4 g. Maiorina.

Procedencia: Betanzos.

Doazón: D. Vicente García Blanco.

Número de rexistro: 2762



68) Honorio (393-423 d.C.) .

Anverso: busto mirando á dereita.

D(ominvs)N(oster)[...]JORIVSP(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: o emperador estante mirando á dereita, cun estandarte nunha man e na outra un globo/bola.

GLORIA ROMAN[ORVM].

Exergo: ANT. (Antiochia –Antioquía 3ª oficina-
Ceca de Antioquía)

Módulo: 23 mm.; 4,21 g. Maiorina.

Procedencia: ?

Número de rexistro: 1629



69) Honorio (393-395 e 395-423 d.C.).

Anverso: busto mirando á dereita.

D(ominvs)N(oster) HONORIVS P(ivs)F(elix)AVG(vstvs)

Reverso: unha figura masculina estante, o emperador, mirando á esquerda, con estandarte nunha man e globo/bola na outra, da que cae unha especie de tea.

GLORIA ROMANORVM

Exergo: SMKA (*ceca imperial que pertence a Cirico-Turquía*).

Módulo: 20 mm.; 5,35 g. Maiorina.

Procedencia: Betanzos.

Número de rexistro: 1681



70) Honorio (393-395 e 395-423 d.C.).

Anverso: busto con diadema, mirando á dereita. Gráfica.

D(ominvs)N(oster) HONORIVS P(ivs)[F(elix)] AVG(vstvs)

Reverso: o emperador estante cunha bola nunha man e un cetro na outra. Gráfica.

GLORIA ROMANORVM

Exergo: S MNT (*Sacra Moneta Nicomedia-
Ceca de Nicomedia*)

Módulo: 21 mm.; 4,15 g. Maiorina.

Procedencia: ?

Número de rexistro: 1685





Roma e a loba capitolina (v. n° 36).